Universidade de Vigo



# Facultade de Bioloxía

## Presentación

http://bioloxia.uvigo.es/gl/facultade/presentacion

## Equipo Decanal

http://bioloxia.uvigo.es/gl/facultade/equipo-decanal

## Páxina web

http://bioloxia.uvigo.es/gl/

# Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras

## Materias

### Curso 1

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| V02M066V09101 | Orientación e Función Titorial | 1c | 3.5 |
| V02M066V09102 | Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario | 1c | 4.5 |
| V02M066V09103 | Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos | 1c | 4.5 |
| V02M066V09104 | Sistema Educativo e Educación en Valores | 1c | 3.5 |
| V02M066V09230 | As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional | 1c | 8 |
| V02M066V09231 | Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras | 2c | 12 |
| V02M066V09232 | Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras | 1c | 6 |
| V02M066V09301 | Prácticas Externas | 2c | 12 |
| V02M066V09401 | Traballo Fin de Máster | 2c | 6 |

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Orientación e Función Titorial** | | | | |
| Materia | Orientación e Función Titorial | | | |
| Código | V02M066V09101 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Doval Ruiz, María Isabel | | | |
| Profesorado | Doval Ruiz, María Isabel | | | |
| Correo-e | mdoval@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | The subject "Guidance and Tutoring Function" is part of the common module of the Master's Degree in Secondary Education Teaching, Baccalaureate, Vocational Training, and Language Teaching.<br><br>The curricular content of this subject aims to be an effective, practical, and operational tool for the student - future teacher - by addressing the processes of guidance and tutoring in daily educational work, as well as establishing tutoring action plans and programs based on an inclusive and highly personalized educational approach in collaboration with teaching teams, students, and families. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B1 | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B6 | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. |
| B7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B9 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos |
| B11 | Desenvolver as funcións de titoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada. |
| B18 | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos. |
| C1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| C2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| C3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| C4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| C9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |

| | |
|---|---|
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| C13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| C19 | Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| C21 | Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes. |
| C22 | Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| C24 | Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| C25 | Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |
| C30 | Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |
| C31 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Comprender a organización e a estrutura do Plan de Acción Titorial para un centro de ensinanza secundaria. | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18<br>C2<br>C4<br>C7<br>C12<br>C21<br>C25<br>D2 |
| RA02. Ser capaz de adquirir sinais reais utilizando *hardware específico. | C22 |
| Deseñar e aplicar estratexias e programas de atención á diversidade do alumnado, así como de apoio ás familias. | C1<br>C4<br>C9<br>C10<br>C12<br>D1<br>D3 |
| Comprender a organización e a estrutura do Plan de Acción Titorial para un centro de ensinanza secundaria. | C3<br>C7<br>C9<br>C13<br>C19<br>C24<br>C31<br>D1<br>D2 |

| | |
|---|---|
| Deseñar e aplicar estratexias e programas de atención á diversidade do alumnado, así como de apoio ás familias. | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18<br>C1<br>C3<br>C4<br>C9<br>C10<br>C12<br>C30<br>D1<br>D3 |
| Coñecer e aplicar algunhas técnicas e instrumentos de traballo a empregar na realización da labor titorial. | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B11<br>B18<br>C4<br>C7<br>C21<br>C30<br>C31<br>D1<br>D3 |
| Promover e manter a comunicación coa familia e o entorno. informando e asesorando nos diversos ámbitos da orientación e a acción titorial. | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C12<br>D1<br>D3 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1.- Bases conceptuais do ámbito disciplinar. | 1.1Concepto e principios de orientación. A función titorial: concepto e contidos. |
| 2.- Bases lexislativas da orientación e función tutorial. | 2.1Das leis orgánicas ao decreto 120/1998 e a orde que o desenvolve. Outras disposicións relacionadas coa orientación e a titoría: regulamentos de centros, currículo, avaliación psicopedagóxica e atención á diversidade |
| 3.- Diagnóstico, prevención e intervención nas dificultades de aprendizaxe e da atención á diversidade. | 3.1Funcións do diagnóstico na educación secundaria: preventiva e correctiva. Diagnóstico e atención á diversidade. O diagnóstico nas dificultades de aprendizaxe |
| 4.- Programas e estratexias de intervención para aatención á diversidade. | 4.1Programas de intervención na atención á diversidade e principais estratexias didácticas. |
| 5.- Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares. | 5.1Medidas ordinarias de atención á diversidade. Medidas extraordinarias de atención á diversidade |
| 6.- Deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Estratexias e técnicas de orientación na tutoría. | 6.1Concepto de plan de acción titorial para a educación secundaria. Deseño, execución e avaliación dun PAT en educación secundaria. Actividade orientadora do profesor titor, estratexias e técnicas. |
| 7.- A participación das familias en centros e a súa orientación. | 7.1A relación familia e profesores titores. As familias na toma de decisión nos centros de secundaria. A orientación ás familias dende a titoría e o departamento de orientación: o consello orientador |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Presentación | 2 | 4 | 6 |
| Foros de discusión | 0 | 2 | 2 |
| Lección maxistral | 8 | 16 | 24 |
| Seminario | 0 | 2 | 2 |
| Actividades introdutorias | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Traballo tutelado | 4 | 8 | 12 |
| Traballo | 0 | 40 | 40 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio,proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. |
| Foros de discusión | Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricase/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Seminario | Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como presentar a materia. |
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballo tutelado | Realización de traballos e actividades derivadas dos contidos da materia. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...<br>Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. | 10 | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C12<br>C21<br>C24<br>C25<br>C30<br>C31 | D1<br>D2<br>D3 |
| Foros de discusión | Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional. | 10 | | C25<br>C31 | D3 |
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. | 40 | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C21<br>C24<br>C25<br>C30<br>C31 | D1<br>D2<br>D3 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo | O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.<br>Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita | 40 | B1<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B11<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C12<br>C21<br>C24<br>C25<br>C30<br>C31 | D1<br>D2<br>D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser a lo menos do 80% estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade. Para superar a materia será preciso que os/as estudantes obteñan en cada proba como mínimo un 50% da cualificación nese apartado.

AVALIACIÓN GLOBAL O alumnado que non poida seguir a avaliación continua realizará unha proba dos contidos da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba suporá o 100% da nota final. Os pormenores e características de dita proba serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia ou cando se faga a consulta persoalmente.

Aqueles/as estudantes que non superen as probas ou actividades obxeto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo, na que se avaliarán as competencias non adquiridas na 1ª oportunidade. P

oden consultarse as datas oficiais de avaliación da materia na web do Mestrado no espazo "exames".

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Álvarez, M. e Bisquerra, R., **Orientación educativa**, Wolters Kluwer, 2012

Arnaiz, P. e Isus, S., **La tutoría, organización y tareas**, Graó, 2008

Expósito, J. (Coord.), **La acción tutorial en la Educación Actual**, Editorial Síntesis, 2014

Gallego, S. e Riart, J. (coord.), **La tutoría y la orientación en el siglo XXI: nuevas propuestas**, Octaedro, 2006

Giner Tarrida, A., **La tutoría y el tutor: estrategias para su práctica**, Horsori, 2008

Torrego, J. C. (coord.), **La tutoría en los centros educativos**, Graó, 2014


### Bibliografía Complementaria


Ballesteros, M. e Outros, **Las competencias del profesorado para la acción tutorial**, CISSPRAXIS, 2002

Bisquerra, R. (Coord.), **La práctica de la orientación y la tutoría**, CISSPRAXIS, 2002

Cobos, A., **Manual de orientación educativa. Teoría y práctica de la Psicopedagogía**, Narcea, 2022

Gallego, S. e Riart, J., **La tutoría y la orientación en el siglo XXI: nuevas propuestas**, Octaedro, 2006

Riart Vendrell, J., **Manual de tutoría y orientación en la diversidad**, Pirámide, 2007

Xunta de Galicia, **A orientación educativa e profesional en Galicia**, Xunta de Galicia, 2000


## Recomendacións

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario** | | | | |
| Materia | Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario | | | |
| Código | V02M066V09102 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Alfonso Gil, Sonia | | | |
| Profesorado | Alfonso Gil, Sonia | | | |
| Correo-e | soalgi@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A presente materia ten un carácter básico e común para tódalas especialidades do posgrao de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Sitúase no primeiro cuatrimestre do primeiro curso e facilita a comprensión das chaves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos físicos e psicolóxicos (cognición, linguaxe, personalidade, etc.) ó longo do período da adolescencia. Estes coñecementos son fundamentais na formación de mestres da etapa secundaria xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ó desenvolvemento dos adolescentes a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B9 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos |
| B16 | Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación. |
| B18 | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos. |
| C1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| C2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| C3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| C4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| C21 | Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes. |
| C26 | Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

| Resultados previstos na materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| | |
|---|---|
| Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade, e respecto diso aos dereitos humanos. | B9<br>B18<br>C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C21<br>D3 |
| Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais | B16<br>B18<br>C21<br>C26<br>D3 |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| 1. FUNDAMENTOS DO COMPORTAMENTO HUMANO, DESENVOLVEMENTO E EDUCACIÓN | Psicoloxía<br>Psicoloxía do desenvolvemento<br>Psicoloxía da Educación<br>Comportamento humano |
| 2. PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO | Cambios corporais e desenvolvemento na adolescencia.<br>Desenvolvemento cognitivo na adolescencia.<br>Desenvolvemento afectivo-social na adolescencia |
| 3. PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN | Enfoques conductuais da aprendizaxe na Educación Secundaria.<br>Enfoques cognitivos e socio-culturais da aprendizaxe na Educación Secundaria.<br>Factores Intrapersoais da Aprendizaxe: procesos e estratexias de aprendizaxe, motivación educativa, autoconcepto e procesos metacognitivos.<br>Factores Interpersoais da Aprendizaxe: a interacción alumno-alumno e a interactividade profesor-alumnos. |
| 4. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA | Necesidades Específicas de Apoio Educativo<br>Dificultades específicas de Aprendizaxe en Lectura, escritura e cálculo<br>Necesidades Educativas Especiais<br>TDAH |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 8 | 12 | 20 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 2 | 37.5 | 39.5 |
| Traballo tutelado | 12 | 10 | 22 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 30 | 31 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | A profesora explica e resolve dúbidas relacionadas con cada un dos bloques temáticos da materia |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividades relacionadas coa materia nas que se plantean problemas ou exercicios para resolver de forma autónoma. |
| Traballo tutelado | Actividades e prácticas para resolver de forma individual ou en grupo sobre contidos da materia |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | A profesora atende e resolve dúbidas relacionadas cos bloques temáticos de forma presencial ou a través de titorías e correo electrónico. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | A profesora atende e resolve dúbidas sobre os problemas planteados de forma presencial ou a través de titorías e correo electrónico. |
| Traballo tutelado | A profesora atende e resolve dúbidas sobre a realización dos traballos de forma presencial ou a través de titorías. |
| **Probas** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Exame de preguntas obxectivas | A profesora resolve dúbidas durante a realización da proba e tamén nas sesións previas á realización da mesma de forma presencial. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividades relacionadas coa materia nas que se plantean problemas ou exercicios para resolver de forma autónoma | 40 | B9<br>B16<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C21<br>C26 | D3 |
| Traballo tutelado | Actividades e prácticas para resolver de forma individual ou en grupo sobre contidos da materia | 30 | B9<br>B16<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C21<br>C26 | D3 |
| Exame de preguntas obxectivas | Entre 20 a 40 preguntas tipo test con tres opcións de resposta. | 30 | B9<br>B16<br>B18 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C21<br>C26 | |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, a lo menos do 80%  estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade.

Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou en moovi, e tamén é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua. Para aprobar a modalidade de avaliación continua, os/as estudantes deberán ter aprobada cada metodoloxía e proba de avaliación.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación global, ao redor dos contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba de avaliación global suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Berger, S.K., **Psicología del desarrollo. Infancia y adolescencia**, Panamericana, 2016

Caballero, M., **Neuroeducación en el currículo**, Pirámide, 2019

Coll, C., **Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la Educación Secundaria**, Graó, 2010

Lou, M.A., **Atención a las necesidades educativas específicas. Educación Secundaria**, Pirámide, 2011

Santrock, J.W., **Psicología de la educación**, McGraw-Hill, 2011

Martín, C. y Navarro, J.I., **Psicología para el profesorado de Educación Secundaria y Bachillerato**, Pirámide, 2011

López-Escribano, C., Aguado-Orea, J. y Solbes-Canales, I., **Psicología de la Educación**, Síntesis, 2020


### Bibliografía Complementaria


La Prova, A., **La práctica del aprendizaje cooperativo**, Narcea, 2017

Martín, C. y Navarro, J.I., **Psicología del desarrollo para docentes**, Pirámide, 2009

Masats, D. y Nussbaum, L., **Enseñanza y aprendizaje de lenguas extranjeras en Educación Secundaria Obligatoria**, Síntesis, 2016

Woolfolk, A.E., **Psicología Educativa**, Prentice Hall Hispanoamericana, 2006


## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V02M066V09301

Traballo Fin de Máster/V02M066V09401

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos** | | | | |
| Materia | Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos | | | |
| Código | V02M066V09103 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 4.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Pino Juste, Margarita Rosa | | | |
| Profesorado | Pino Juste, Margarita Rosa | | | |
| Correo-e | mpino@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | El curriculum es el eje sobre el que se desarrolla la labor educativa, tanto en los aspectos conceptuales (concepciones, componentes, niveles, etc.) como en los procedimientos (procesos de diseño, puesta en práctica, evaluación, etc.). De ahí la importancia del dominio de los contenidos que vamos a trabajar en este modulo. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B2 | Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos. |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B10 | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado. |
| B17 | Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional. |
| B18 | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos. |
| C4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| C9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| C13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| C31 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Dominar as diferentes técnicas e tipos de avaliación e responsabilizarse cos procesos avaliativos. | B2<br>B3<br>B4<br>B7<br>B10<br>B17<br>B18<br>C4<br>C9<br>C13<br>C31<br>D1<br>D2<br>D3 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. Bases conceptuais e lexislativas. | Curriculum e teorias curriculares<br>Orientacións teóricas do curriculum<br>Modelos de curriculum<br>Bases lexislativas |
| 2. Organización de centros Educativos | Organización do Alumnado<br>Organización do profesorado e liderazgo<br>Organos Colexiados do centro escolar<br>Documentos Institucionais |
| 3. Compoñentes didácticos | Competencias<br>Obxectivos: Tipos e redacción<br>Contidos: Selección e secuenciación<br>Metodoloxía: principios e estratexias<br>Actividades: organización da aula e secuenciación das actividades<br>Recursos didácticos<br>Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | 10 | 20 | 30 |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | 0 | 20 | 20 |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | 0 | 14 | 14 |
| Lección maxistral | 11.5 | 22 | 33.5 |
| Traballo | 0 | 2.5 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Durante as clases presenciais realizaranse exercicios concretos coa finalidade de que o alumnado adquira a consolidación de determinados procedimentos que máis tarde deberán formalizar de forma autónoma no proxecto.<br>Cada alumno presentará ao final do curso as seguentes evidencias:<br>1.- Redacción dunha orde do día dunha reunión de departamento<br>2.- Redacción dun acta dunha reunión semanal de departamento<br>3.- Diseño dunha unidad didática facendo especial fincapé nos apartados de metodoloxía e avaliación<br>4.- Glosario de términos e mapa conceptual de documentos traballados (Máximo cinco follios)<br>Os coñecementos conceptuais valoraranse cunha proba obxectiva. |

| | |
|---|---|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Utilizarase como metodoloxía base o Aprendizaxe Basado en Proyectos ou Project Based Learning (PBL). Tratase dunha metodoloxía didáctica que utiliza metodoloxías activas e colaborativas cuio obxectivo é que o alumnado alcance o dominio duns contidos mediante a realización dun proxecto diseñado polo profesor.<br>Siguiendo a Edwards (2000) o proceso para levar a cabo o diseño por proxectos é o seguinte:<br>* Planificación da investigación<br>* Selección do tema<br>* Recollida da información<br>* Aplicación<br>* Análise de datos<br>* Informe<br>* Seguimento e avaliación<br><br>O proxecto consistirá na elaboración dunha unidade didáctica que se realizará individualmente ó longo do curso. Cada elemento curricular desta unidade terá un apartado teórico de fundamentación e análise que se realizará a través de consultas documentais e bibliográficas e tamén um apartado de diseño curricular. As diferentes fases do proxecto concretaranse nun produto escrito no ordenador para incorporar na plataforma. A profesora ofrecerá posibles temáticas para a unidade didáctica.<br>A elaboración do proxecto terá varias fases que coinciden co diseño dos elementos curriculares dunha unidade didáctica.<br>Para desenvolver o proxecto o alumnado terá en conta as explicacións teóricas da profesora e o traballo en equipo cos compañeiros donde se realizará unha retroalimentación do proceso para correxir o antes posible os posibles erros no desenvolvemento do proxecto |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | Realizaranse prácticas autónomas a través de diferentes plataformas didácticas |
| Lección maxistral | Durantelas sesións maxistraiss realizaranse as explicacioóns teóricas do tema e aclararanse as dubidas surxidas durante la elaboración do proxecto.<br>O alumnado disporá dun texto base de guía e axuda. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Nas actividades de aula realizaranse tarefas prácticas sobre o deseño e organización dos elementos curriculares que o alumnado deberá presentar no seu proxecto personalizado, así como actividades de xestión e organización dun centro educativo. |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Este proxecto terá como finalidade a programación dunha unidade didáctica integrada innovadora utilizando técnicas metodolóxicas activas e participativas. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Calificaranse as actividades realizadas na aula para realizar unha retroalimentación positiva e mediante un exame de tipo test comprobarase a consolidación das aprendizaxes. | 30 | B2<br>B7<br>B17 | C13<br>C31 | |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Cada alumno presentará a programación dunha unidade didáctica. Poderá elexir a temática e o curso de implementación. | 70 | B3<br>B4<br>B7<br>B10<br>B18 | C4<br>C9 | D1<br>D2<br>D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación desta materia desenvólvese en varios niveis e dimensións. Partindo do marco xeral das competencias, é dicir, das capacidades, a avaliación tentará recoller e valorar aqueles aspectos relacionados co alumnado respecto de: o campo dos coñecementos, o campo dos procedementos, o campo actitudinal e campo relacional. Entendemos que o equilibrio estará en que o alumnado sexa capaz de dominar estas catro grandes dimensións que dalgunha forma contribuirá a que se me for de maneira integral. A avaliación está deseñada en función das seguintes características: formativa, continua, integral e final. Por tanto, afecta a todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación do proxecto terá dous aspectos: por unha banda a xustificación teórica dos distintos elementos curriculares traballados e por outro o seu deseño. Para avaliar o proxecto seguiranse as seguintes normas:

1.- Utilización dos coñecementos dispoñibles nos documentos traballados na aula para contrastar as propias ideas, apoialas e fundamentalas.Comprensión das ideas básicas contidas nos materiais utilizados e analizados.

2.- Expresar correctamente as ideas propias, argumentadas e demostrar capacidade de escoita e receptividade.

3.- Crítica razoada de posicións e feitos fundamentados con argumentos utilizando un vocabulario técnico propio da materia.

4.- Claridade expositiva, habilidades de comunicación, estrutura da presentación traballada na aula.

5.- Estrutura lóxica das ideas. 6.- Utilización e manexo das TIC.

7.- Adecuación e coherencia entre as actividades prácticas e os contidos teóricos.

8.- Calidade das achegas e expresións de ideas innovadoras, contribucións no traballo en grupo, compromiso nas diferentes tarefas.

9.- Formulación dos obxectivos didácticos, adecuación a idade, o tempo, etc.

10.- Selección do tema, secuenciación dos contidos o longo da unidade didáctica, adecuación a idade, o tempo, etc.

11.- Selección das actividades, creatividade na súa elaboración, adecuación a idade e a temporalización..

12.- Deseño innovador de recursos.

13.- Selección das estratexias de avaliación: actividades de avaliación, tipos e técnicas de avaliación, deseño de instrumentos, etc.

O seguimento dos grupos de traballo convértese nunha ocasión privilexiada para introducir, por parte da profesora, aspectos actitudinais (cooperación, responsabilidade profesional, motivación polo traballo de mestre, etc.). Do mesmo xeito, nalgunhas fases do proxecto pídeselle ao alumnado que valoren o seu propio traballo (autoavaliación) ou o traballo dos demais compañeiros (coavaliación) para facer unha retroalimentación do proceso que permita resolver os erros na aprendizaxe o antes posible.

- Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto aasistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, alomenos, do 80 % estando admitido faltar ao 20 % da presencialidade. Para a avaliación continua haberá tres probas compostas por dous traballos (35%+35%) e un examen (30%), tendo que obter alomenos o 50% da puntuación en cada unha para realizar o cómputo total.

- Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou na plataforma de teledocencia e tamén é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua ou final.

- O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación final, ao redor dos contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do máster para os exámenes oficiais. Cabe resaltar que está proba estará composta polos mesmos traballos realizados durante o curso; é dicir dous traballos (35%+35%) e un examen (30%). En caso de superar unha das probas da materia (traballos ou exame) conservarase a súa calificación dentro do mesmo curso académico, pero na Acta académica figurará como non superada e colocarase a media resultante da puntuación global obtida (atendendo previamente a súa espectiva ponderación).

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de exame, as orientacións para a realización do traballo, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que precise, ao non poder superar a materia por avaliación continua.

Para a AVALIACIÓN FINAL (GLOBAL) o estudante presentará, por tanto, as mesmas actividades que durante a avaliación continua.

Na web do mestrado poden consultarse as datas do exame oficial: http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es

---

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


CANTÓN MAYO, I. y PINO JUSTE, M.R., **Diseño y desarrollo del curriculum.**, Alianza editorial.,

CANTON MAYO, I. Y PINO JUSTE, M., **Organización de centros educativos en la sociedad del conocimiento**, Alianza,


### Bibliografía Complementaria


ANTÚNEZ, S. Y GAIRÍN, J., **La organización escolar. Práctica y fundamentos.**, GRAO,


## Recomendacións

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Sistema Educativo e Educación en Valores** | | | | |
| Materia | Sistema Educativo e Educación en Valores | | | |
| Código | V02M066V09104 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Fernández González, María Reyes | | | |
| Profesorado | Fernández González, María Reyes | | | |
| Correo-e | ofoe-to@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dun/ha profesional do campo educativo que quere educar sen ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar alguén sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe. Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo.<br>Para iso, e en primeiro lugar, é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas e, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.<br>A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algún modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación. Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización.<br>Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou máis potentes que os que proceden da escola e incluso interfiren na súa acción. Polo tanto, faise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.<br>Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle outorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como na LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE, si serían incluídos nos seus contidos.<br>Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Educación Secundaria é polo que un bloque de contido centrarase exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia considéranse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| B7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| O alumnado comprende os aspectos fundamentais da LOMLOE, en relación cos niveis educativos vinculados ao Mestrado de Secundaria. | B13<br>D1 |
| O alumnado coñece e valora o rol dos axentes socioeducativos nos procesos educativos formais propios das ensinanzas de secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas. | B7<br>C10<br>C11 |
| O alumnado sabe como deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe con especial atención á equidade, a educación emocional e en valores, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e ou respecto dos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sostible. | B7<br>B13<br>C10<br>D1 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O Universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos. Educación formal, non formal e informal. | 1.1. Concepto de educación. Trazos xerais e diferenciais.<br>1.2. Clarificación terminolóxica.<br>1.3. Dimensións e piares da educación.<br>1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal.<br>1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas. |
| 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores/as, alumnado, familia) e a súa evolución. | 2.1. O sistema educativo español. Análise histórica.<br>2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOMLOE. Ensinanza obrigatoria e posobrigatoria. Educación Secundaria e Bacharelato. Formación Profesional. Ensiñanzas de Idiomas.<br>2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. Asociacións escolares. |
| 3. A educación en valores. | 3.1. Marco conceptual da educación en valores e actitudes. Cara unha convivencia pacífica.<br>3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante valores e actitudes.<br>3.3. Avaliación de valores e actitudes.<br>3.4. Actitudes do profesorado ante valores controvertidos.<br>3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a educación de valores e actitudes. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 8 | 30 | 38 |
| Traballo tutelado | 6 | 20 | 26 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 3.5 | 20 | 23.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | O profesorado presenta os núcleos temáticos da disciplina. |
| Traballo tutelado | O alumnado realiza traballos nos que aplica os coñecementos desenvolvidos na sesión maxistral. |

| | |
|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo propio seguendo as indicacións do profesorado. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Titorías |
| Traballo tutelado | Titorías |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Titorías |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Lección maxistral | No caso do ALUMNADO ASISTENTE, a lección maxistral avaliarase mediante a súa presenza nas aulas. Será considerado alumnado asistente aquel que asista, polo menos, a 5 das sesións do módulo. A cualificación pola asistencia ás clases se realizará de acordo co número de sesións ás que se asistira. | 20 | | C10<br>C11 | |
| Traballo tutelado | O alumnado aplica o coñecemento teórico a casos prácticos. | 40 | B7<br>B13 | C10<br>C11 | |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo de elaboración propia seguindo as indicacións do profesorado. | 40 | B7<br>B13 | C10<br>C11 | D1 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

As probas descritas anteriormente conforman a estrutura da AVALIACIÓN CONTINUA, tanto para o alumnado asistente como para o non asistente.

A AVALIACIÒN GLOBAL constará das mesmas probas que a avaliación continua, pero con distintos prazos de entrega, que serán indicados ao comezo do módulo polo profesorado. O alumnado non asistente para compensar os 2 puntos que se poden conseguir na avaliación continua pola asistencia ao total das sesións, deberán realizar un exame de preguntas curtas na data oficial.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web do mestrado.

A cualificación final da materia resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha cualificación positiva. A superación das mesmas entenderase acadada cando se teña como cualificación polo menos a metade da nota máxima asignada a cada proba. O/a alumno/a que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xullo.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Camps, V., **El gobierno de las emociones**, 1ª, Herder, 2011

Cid, X.M., **É posibel unha educación permeable á cultura Popular, Raigame, 27, pp. 61-65**, 2007

Colom, A.J. (coord.), **Teorías e instituciones contemporáneas de la educación**, 1ª, Ariel, 1998

Delors, J., **La educación encierra un tesoro**, 1ª, Santillana / UNESCO, 1996

Haydon, G., **Enseñar valores. Un nuevo enfoque**, 1ª, Morata, 2013

Lorenzo Vicente, J.A., **La educación secundaria en España: problemática histórico-educativa y actual. Monográfico. CEE Participación Educativa, número extraordinario**, Ministerio de Educación, 2011

Pozo Andrés, Mª del M. (ed.), **Teorías e instituciones contemporáneas de la educación**, 1ª, Biblioteca Nueva, 2009

Puig Rovira, J.Mª, Gijón Casares, M., Martín García, X. y Rubio Serrano, L., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, 1ª, Octaedro, 2007

### Bibliografía Complementaria

Esteve, J.M., **Educar, un compromiso con la memoria. Un libro para educar en libertad**, 1ª, Octaedro, 2010

López-Ocón, L., **Un esfuerzo para superar el carácter elitista de la educación secundaria: el caso de la Segunda República española (1931-1936). Resgate - Rev. Interdiscip. Cult., Campinas, v. 29, pp. 1-32**, Universidade Estadual de Campinas, 2021

Mestre Chust, V., **La necesidad de la educación en Derechos Humanos**, 1ª, UOC, 2007

Sarramona, J., **Fundamentos de educación**, 1ª, CEAC, 1989

Soler, Mª.P. (coord.), **De la educación emocional a la educación en valores**, 1ª, MEC, 2008

## Recomendacións

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional | | | |
| Código | V02M066V09230 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 8 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Dpto. Externo | | | |
| Coordinador/a | Fernández Pena, Yolanda | | | |
| Profesorado | Bouzada Jabois, Carla<br>Fernández Pena, Yolanda | | | |
| Correo-e | yolanda.fernandez@uvigo.es | | | |
| Web | http://moovi.uvigo.gal | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende proporcionar unha visión panorámica e comprensiva da docencia de linguas estranxeiras en España e en Galicia en termos de lexislación e das estruturas educativas actuales no contexto dos obxectivos fixados polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. A información proporcionada no curso será tratada dun xeito práctico por medio de debates e de estudos comparativos entre a situación no contexto nacional e as políticas educativas e aportacións máis significativas dos países do noso entorno europeo de xeito prioritario, pero tamén doutras zonas relevantes do mundo global. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| B1 | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente. |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B5 | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo. |
| B6 | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. |
| B10 | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado. |
| B13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| B17 | Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional. |
| C3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |

| | |
|---|---|
| C14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

**Resultados previstos na materia**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade do alumnado. | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>C3<br>C7<br>D1<br>D3 |
| Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. | B4<br>B10<br>B17<br>C8<br>C10<br>C12<br>D3 |
| Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. | B1<br>B13<br>C6<br>C14<br>D1 |
| Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. | B4<br>B6<br>B13<br>B17<br>C7<br>C10<br>C14<br>D1<br>D3 |
| Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. | B5<br>B10<br>B17<br>C3<br>C8<br>C12<br>D3 |
| Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. | B5<br>B10<br>B17<br>C7<br>C10<br>C12<br>C14<br>D3 |
| Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. | B5<br>B10<br>C3<br>C8<br>C10<br>C12<br>C14<br>D3 |

| | |
|---|---|
| Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. | B1<br>B13<br>B17<br>C6<br>C7<br>C14<br>D1<br>D3 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1.- O ensino de linguas no presente modelo educativo, estatal e autonómico. | Visión panorámica do ensino de linguas no estado español e en Galicia desde as perspectivas da educación obrigatoria, post-obrigatoria ou de réxime especial. |
| 2.- O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Obxectivos, métodos e prioridades da política lingüística europea. | Estudo e discusión dos documentos fundamentais sobre o ensino de linguas estranxeiras no contexto europeo. |
| 3.- Os niveis de referencia de aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento de competencias. | Descrición e estudo en detalle das competencias específicas, transversais e complementarias a desenvolver nos dististintos niveis de aprendizaxe. |
| 4.- O ensino-aprendizaxe e certificación de linguas estranxeiras polas institucións internacionais. | Información relevante sobre institucións internacionais dedicadas ao ensino e certificación das linguas estranxeiras membros de ALTE, CERCLES, EALTA, e outras. |
| 5.- O deseño curricular base. | O currículo, e os seus elementos, das linguas estranxeiras na ESO, Bacharelato, FP e Escolas Oficiais de Idiomas. Os proxectos lingüísticos de centro (PLC). |
| 6.- As programacións didácticas vixentes. | Panorámica das programacións actuais nos distintos tipos de ensino e a súa discusión desde a perspectiva dos obxectivos fixados no contexto nacional e internacional. A organización dos departamentos de linguas estranxeiras. Acceso á función pública docente para profesorado de linguas estranxeiras. |
| 7.- As linguas estranxeiras como fenómeno global. Experiencias educativas internacionais. | Visión panorámica dos sistemas educativos internacionais máis relevantes. Metodoloxía CLIL/AICLE. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Estudo previo | 4 | 6 | 10 |
| Lección maxistral | 20 | 50 | 70 |
| Traballo tutelado | 20 | 30 | 50 |
| Presentación | 20 | 50 | 70 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Estudo previo | Presentación do curso: Discusión dos obxectivos, métodos, materiais e sistemas de avaliación. |
| Lección maxistral | Clases teóricas nas que se imparten os contidos do temario. |
| Traballo tutelado | Actividades prácticas de autoavaliación de coñecementos na parte final de cada sesión. |
| Presentación | Actividades de aplicación e ampliación de contidos realizadas polo estudantado na aula. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías (presenciais e/ou en liña). |
| Traballo tutelado | O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías (presenciais e/ou en liña). |
| Presentación | O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías (presenciais e/ou en liña). |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Unha recapitulación e comentario crítico do contido impartido en cada sesión do curso, publicado por cada alumna/o no seu blog de traballo, tanto da primeira parte da materia (30%) como da segunda (30%). | 60 | B1<br>B3<br>B5<br>B10 | C7<br>C10<br>C14 | |
| Presentación | Unha presentación sobre un aspecto relacionado co temario da materia durante as sesións presenciais do curso. | 40 | B1<br>B4<br>B6<br>B10<br>B13<br>B17 | C3<br>C6<br>C8<br>C10<br>C12 | D1<br>D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

**Consideracións xerais**

Na primeira edición de actas existen dous sistemas de avaliación: continua e única. A **modalidade por defecto** será a **avaliación continua**, excepto expresa notificación por parte do alumnado da súa preferencia polo sistema de avaliación única. O alumnado que opte pola **avaliación única** debe comunicarllo ao profesorado da materia **antes de finais da segunda semana do curso** como data límite. Participar nun dos sistemas de avaliación implica a **imposibilidade de participar no outro**.

---

**PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

**1. Avaliación continua**

Para ser avaliado polo sistema de avaliación continua é imprescindible que o alumnado **participe activamente** na clase, e realice e **entregue en prazo as diferentes tarefas** que se vaian propoñendo ao longo do cuadrimestre. Igualmente, o alumnado que opte por este sistema de avaliación deberá cumprir co **mínimo de asistencia obrigatoria** acordada polo mestrado (**80%**). Do contrario, perderá o seu dereito á avaliación continua.

A avaliación continua consta de dous compoñentes:

1. as entradas dos **blogs** de traballo, publicadas de xeito regular durante o curso e referidas tanto á primeira parte (**30%**) como á segunda parte da materia (**30%**)
2. unha **presentación** oral sobre un aspecto relacionado cos contidos do curso previamente acordado co profesorado (**40%**)

   Ademais, o alumnado terá que realizar as **tarefas de aula** programadas ao longo do curso.

As **entradas dos blogs (60%)** terán que ser redactadas e publicadas conforme ao calendario que se fixe ao comezo do curso. Cada entrada entregada fóra do prazo estipulado computará como 0. As normas de redacción e tratamento dos temas deses comentarios tamén serán fixadas ao comezo do curso.

A **presentación (40%)** terá lugar durante as sesións presenciais do curso, nas datas fixadas polo profesorado da materia.

Para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos** (sobre 10) **en cada compoñente**.

**2. Avaliación única**

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación computarase en base ás cualificacións obtidas nun **exame escrito (100%)** sobre os aspectos teóricos e prácticos da materia, que se realizará nunha data establecida pola coordinación do mestrado. Este exame constará de **dúas partes**, unha por cada unha das persoas docentes da materia. Cada unha destas partes suporá o 50% da nota final. Para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos** (sobre 10).

**SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS**

O alumnado que non aprobe a materia na primeira edición de actas ou non se presente á primeira oportunidade de avaliación, será avaliado mediante un **exame escrito (100%)** sobre os aspectos teóricos e prácticos da materia que se realizará nunha data establecida pola coordinación do mestrado. Este exame constará de **dúas partes**, unha por cada unha das persoas docentes da materia. Cada unha destas partes suporá o 50% da nota final. Para superar a materia será

imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos** (sobre 10).

---

**Observacións:**

- Os exames e as probas de avaliación continua considéranse oficiais e, polo tanto, **un cambio de data debe estar sempre debidamente xustificado por causas de forza maior** (accidente, operación cirúrxica ou falecemento de familiar en primeiro grao na data exacta da proba) e, sempre que sexa posible, debe ser comunicado ao profesorado do curso con anterioridade á data de realización da proba.

- É responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas de entrega das tarefas, das presentacións e dos exames. **Non hai obriga de comunicar as datas de avaliación mediante a plataforma de teledocencia**.

- Na avaliación da materia terase en conta no só o contido, senón tamén a **corrección lingüística e estilística** das probas.

---

**REALIZACIÓN FRAUDULENTA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

De acordo cos Artigos 40-42 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e o proceso de aprendizaxe do estudantado, aprobado no claustro do 18 de abril de 2023,

"A **actuación fraudulenta en calquera proba de avaliación implicará a cualificación de cero (suspenso) na acta da oportunidade de avaliación da convocatoria correspondente**, iso con independencia do valor que sobre a cualificación global desta tivese a proba en cuestión e sen prexuízo das posibles consecuencias de índole disciplinaria que poidan producirse."

Alegar descoñecemento do que supón o plaxio e a fraude académica non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

---

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**


Baidak, N. et al., **Key data on teaching languages at school in Europe. Education, Audiovisual and Culture Executive Agency, European Commission**, EU Bookshop, 2012

Braine, G. (ed.), **Teaching English to the world: History, curriculum, and practice**, Routledge, 2005

Cantón, I. & M. Pino (coord.), **Diseño y desarrollo del currículum**, Alianza Editorial, 2011

Consello de Europa, **Marco común de referencias para las lenguas: Aprendizaje, enseñanza, evaluación**, Centro Virtual Cervantes, 2002

Consello de Europa, **CEFR companion volume with new descriptors**, Consello de Europa, 2018

García Doval, F. et al., **Marco y Portafolio: Porta Linguarum para los europeos**, Grupo Editorial Universitario, 2004

Ibáñez, J., E. Sanz & N. Goicoechea (eds.), **La interculturalidad y el aprendizaje de las lenguas en el espacio europeo**, Sevicio Publicaciones de la Universidad de Burgos, 2006

Jones, N. & N. Saville, **European language policy: Assessment, learning and the CEFR**, Cambridge University Press, 2009

Marsh, D. & Frigols Martín, M.J., **Content and Language Integrated Learning**, Blackwell Publishing, 2012

Vez, J.M., **Multilingual education in Europe: Policy developments**, Grupo Editorial Universitario, 2009


**Bibliografía Complementaria**

---

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Prácticas Externas/V02M066V09301

Traballo Fin de Máster/V02M066V09401

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras/V02M066V09231

Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras/V02M066V09232

**Outros comentarios**

Espérase que o alumnado faga as tarefas solicitadas para poder participar activamente na clase.

O estudantado deberá consultar regularmente o seu correo electrónico e visitar a plataforma de teledocencia do curso

(https://moovi.uvigo.gal). Os anuncios e cambios de última hora notificaranse a través da plataforma de teledocencia.
O alumnado deberá acceder regularmente ás fontes bibliográficas da biblioteca.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras** | | | | |
| Materia | Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras | | | |
| Código | V02M066V09231 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Dpto. Externo<br>Filoloxía inglesa, francesa e alemá<br>Tradución e lingüística | | | |
| Coordinador/a | Salceda Rodríguez, Hermes<br>Ferreiro Vázquez, Óscar | | | |
| Profesorado | Costa da Silva , Maria Manuela<br>Ferreiro Vázquez, Óscar<br>Rodríguez Rodríguez, Cristina<br>Salceda Rodríguez, Hermes | | | |
| Correo-e | hermes.salceda@uvigo.es<br>oferreiro@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B5 | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo. |
| C2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| C9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| C13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| C14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |

| | |
|---|---|
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

**Resultados previstos na materia**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Ofrecer ao futuro profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas a formación pedagóxica e didáctica esixida pola lexislación actual. | B3<br>B4<br>B5<br>C6<br>C13<br>D1 |
| Coñecer os contidos curriculares | B3<br>B4<br>B5<br>C9 |
| Elaborar e programar unidades didácticas. | B3<br>B4<br>B5<br>C7<br>C9<br>C13<br>C14<br>D1<br>D2<br>D3 |
| Buscar e deseñar actividades que fomente a competencia comunicativa traballando as catro destrezas (falar, escoitar, ler, escribir) utilizando diferentes materiais e recursos (oral, impreso, audiovisuais, dixitais, multimedia...). | B3<br>B4<br>B5<br>C2<br>C8<br>C13<br>C14<br>D1<br>D2<br>D3 |
| Adquirir estratexias para traballar atendendo á diversidade. | B3<br>B4<br>B5<br>C2<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C13<br>D1<br>D2<br>D3 |
| Dominar habilidades para que o proceso ensino aprendizaxe se desenvolva sempre no marco da educación en valores, a estimulación e esforzo do alumnado, dotándoo das ferramentas necesarias para aprender a aprender e favorecer a autonomía persoal. | B3<br>B4<br>B5<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C13<br>C14<br>D1<br>D2<br>D3 |

**Contidos**

| Tema |
|---|

| | |
|---|---|
| Situacións e variábeis de ensino das linguas extranxeiras | Contextos de adquisición e uso<br>Repertorio lingüístico |
| Novas metodoloxías na didáctica da ensinanza das linguas estranxeiras | A aprendizaxe das linguas estranxeiras baseada en tarefas (ABT)<br>A aprendizaxe das linguas estranxeiras baseada en proxectos (ABP)<br>-Situacións de aprendizaxe e avaliación competencial<br>A clase invertida na didáctica da ensinanza das linguas estranxeiras |
| Estratexias de comunicación. A comunicación oral e escrita e o seu tratamento na aula. Procedementos para o fomento das habilidades comunicativas na aprendizaxe de linguas estranxeiras | -Actividades de expresión, interacción e mediación oral<br>-Actividades de expresión, interacción e mediación escrita<br>Actividades de comprensión oral e escrita<br>O uso dos rexistros coloquial e culto nas actividades de expresión e interacción oral e escrita |
| Actividades de lingua | Tipoloxía<br>Incorporación das actividades de léxico e dos contidos gramaticais e funcionais |
| Técnicas de escrita e redacción | |
| Materiais para a didáctica das linguas estranxeiras | -Materiais e recursos didácticos<br>-O uso dos libros de texto.<br>-Uso das TIC e móbiles. |
| Fomento da lectura e uso da literatura na didáctica do ensino/aprendizaxe das linguas estranxeiras | |
| A dimensión cultural na didáctica da ensinanza das linguas estranxeiras | |
| Apoio, diversidade e multiculturalidade na didáctica das linguas estranxeiras. Contextos de aplicación da didáctica das LE. | -Lifeskills /competences pour la vie<br>-Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) na didáctica das linguas estranxeiras<br>-Medidas de atención á diversidade na didáctica das linguas estranxeiras<br>-Avaliación da atención á diversidade na didáctica das linguas estranxeiras<br>-Traballar coa cultura da LE: o papel dos/as auxiliares de conversa.<br>-Programas AICLE/CLIL |
| Os sistemas audiovisuais na didáctica das linguas estranxeiras | -Tipoloxía e emprego<br>Didactización e remediación de documentos audiovisuais |
| A avaliación na aula de linguas estranxeiras | -Avaliación inicial, formativa e final<br>-Uso de descriptores (rubrics) |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 60 | 120 | 180 |
| Traballo tutelado | 30 | 0 | 30 |
| Debate | 10 | 10 | 20 |
| Estudo de casos | 20 | 20 | 40 |
| Traballo | 0 | 30 | 30 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Presentación dos puntos esenciais dos contidos da materia. |
| Traballo tutelado | Resolución na aula de actividades relacionadas cos contidos da materia e encamiñadas a acadar os obxectivos fixados para a mesma. |
| Debate | Construción dunha visión crítica sobre os contidos da materia mediante o intercambio de opinións na aula. |
| Estudo de casos | Análise de prácticas metodolóxicas de especial interese. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Lección maxistral | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |
| Estudo de casos | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |

| | |
|---|---|
| Traballo tutelado | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |
| Debate | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Traballo | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo | Na modalidade de avaliación continua, cada alumno deberá realizar ao longo do curso 5 probas de avaliación (unha por cada un dos docentes da materia). Os criterios de avaliación, así como o formato, modalidade e prazos de presentación serán establecidos en cada grupo por cada profesor responsábel no inicio do curso. A avaliación será, por tanto, continua, progresiva e sumativa. Cada profesor emitirá unha nota individual sobre 10. Esta será ponderada en función do número de horas do docente e sumada á dos demais para obter a cualificación final do alumno. | 100 | B3 B4 B5 | C2 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C13 C14 | D1 D2 D3 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**ASISTENCIA E AVALIACIÓN CONTINUA**

O alumnado que asista regularmente ás clases será avaliado durante o curso por medio de un mínimo de 5 probas de avaliación (traballos e actividades propostos polos docentes), unha por cada un dos/as docentes da materia. Os criterios de avaliación, así como o formato, modalidade e prazos de presentación serán establecidos en cada grupo por cada profesor/-a responsábel no inicio do curso. A avaliación será, por tanto, continua, progresiva e sumativa. Cada profesor/-a emitirá unha nota individual sobre 10. Esta será ponderada en función do número de horas do/a docente e sumada á dos/as demais para obter a cualificación final do alumno/a.

O alumnado que supere o 20% de inasistencia ás sesións docentes perderá o seu dereito á avaliación continua descrita no parágrafo anterior e poderá obter unha avaliación global por medio dun exame final comprensivo, tal e como se describe máis abaixo.

O plaxio nun traballoou presentación será cualificado cun 0.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, de presentacións e de avaliación.

**AVALIACIÓN GLOBAL**

O alumnado que non siga ou non supere a avaliación continua poderá acollerse a unha avaliación global da materia, que se realizará mediante un exame (tanto na convocatoria de primeira oportunidade como na da segunda oportunidade).

Este exame consistirá na realización dunha proba que constará de cinco partes, unha por cada un das/os docentes da materia. Cada profesor/-a emitirá unha nota individual sobre 10 puntos, e esta será finalmente ponderarda en función do número de horas que cada docente imparte, e sumada á dos demais para obter a cualificación final do/a alumno/a.

As datas destes exames serán as fixadas pola secretaría do Mestrado.

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**

CANTÓN, I. & PINO, M. (coord.), **Diseño y desarrollo del currículum**, Alianza Editorial, 2011

CONTI, G & SMITH, S., **The Language Teacher Toolkit**, Amazon, 2016

PALACIOS, I., **“Aprendiendo a aprender en el aula de lenguas extranjeras. Las estrategias de aprendizaje y su tratamiento en el aula”. En Cassany, Daniel, El Portfolio Europeo de Lenguas., pp. 155-184.**, Ministeriro de Educación, 2006

PALACIOS, I. (dir.) ET ALII, **Diccionario de enseñanza y aprendizaje de lenguas**, En clave-ELE, 2007

PALACIOS, I. (dir.) ET ALII, **Dicionario de ensino e aprendizaxe de linguas (versións española e galega)**, 1.0, 2019

**Bibliografía Complementaria**

ADAM, J-M., **Textes: types et prototypes**, Arman Colin, 2011

BENTLEY, K., **The TKT (Teaching Knowledge Test) course: CLIL Module (Content and Language Integrated Learning)**, Cambridge University Press, 2010

DALE L. & TANNER, R., **CLIL activities: a resource for subject and language teachers**, Cambridge University Press, 2012

DOLZ, J. & SCHNEUWLY, B., **Pour un enseignement de l’oral – Initiation aux genres formels à l’école**, ESF, 1998

DUFAYS, J.-L., GEMENNE, L. & LEDUR D., **Pour une lecture littéraire. Histoire, théories, pistes pour la classe**, 2ª edición, De Boeck-Duculot, 2005

GODARD, A. (dir.), **La littérature dans l’enseignement du français langue étrangère**, Didier, 2014

HARMER, J., **The Practice of English Language Teaching**, 5ª edición, Pearson, 2014

HOUSE, S (coord.), **Didáctica del Inglés: Classroom Practice**, Graó, 2011

HUVER, E., SPRINGER, C., **L'évaluation en langues**, Didier, 2011

LAURENS V., **"Modéliser des séquences en FLE et FLM: analyse comparée de l’unité didactique et de la séquence didactique" en Le français aujourd’hui, n° 176, 2012, p. 59-75.**, 2012

LEBRUN, M., LACELLE, N; BOuTIN, J.-F., **Introduction de La littératie médiatique multimodale. De nouvelles approches en lecture-écriture à l’école et hors de l’école**, PUO, 2012

McCARTHY, M. O'KEEFFE, A. & WALSH, S., **Vocabulary Matrix: Understanding, Learning, Teaching.**, Heinle Cengage Learning, 2009

MEHISTO, P., MARSH, D., & FIGOLS, M.J., **Uncovering CLIL**, Macmillan, 2008

MOIRAND, S., **Enseigner à communiquer en langue étrangère**, Hachette, 1990

Oulipo, (Hermes Salceda ed.), **Atlas de literatura potencial 1: Ideas potentes**, Pepitas de calabaza, 2016

PARRISH, B., **Teaching Adult English Language Learners: A Practical Introduction**, 2ª edición, Cambridge University Press, 2019

RINVOLUCRI, M., **Humanising your Coursebook (Activities to bring your classroom to life)**, Delta Publishing, 2002

RIVË, R. & VIDAL, N., **Project Work step by step (Handbooks for the English classroom)**, Macmillan Education, 1993

SAN ISIDRO, F.X. (coord.), **Materiais Plurilingües 3.0: Formación, creación e difusión**, Xunta de Galicia, 2011

SCHWIETER, J.W. & BENATI, A. (edit.), **The Cambridge Handbook of Language Learning**, Cambridge University Press, 2019

SCRIVENER, J, **Learning Teaching**, Macmillan, 2011

TAYLOR, J., **The Minimax Teacher**, Delta Publishing, 2001

TOMALIN, . & STEMPLESKI, S., **Cultural Awareness**, Oxford University Press, 2003

THORNBURY, S., **An A-Z of ELT. A Dictionary of Terms and Concepts**, Macmillan, 2014

## Recomendacións

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras** | | | | |
| Materia | Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras | | | |
| Código | V02M066V09232 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Martínez Insua, Ana Elina | | | |
| Profesorado | Martínez Insua, Ana Elina<br>Pérez Guerra, Javier | | | |
| Correo-e | minsua@uvigo.gal | | | |
| Web | http://moovi.uvigo.gal | | | |
| Descrición xeral | Dende unha perspectiva marcadamente práctica, esta materia tratará de que o alumnado se familiarice coas nocións de innovación docente e competenza dixital docente. Logo de familiarizarse e analizar certas metodoloxías innovadoras e un amplo repertorio de ferramentas e recursos dixitais, o alumnado desenvolverá numerosas actividades nas que fará uso das aplicacións e creará un proxecto innovador no que deberá por en práctica o coñecemento e as destrezas adquiridas. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B8 | Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| C9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| C14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Posta en práctica dos coñecementos adquiridos mediante o desenvolvemento de prácticas innovadoras relativas ao ensino das linguas estranxeiras | B3<br>B8<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C13<br>D1<br>D2<br>D3 |
| Coñecementos de iniciativas e propostas relevantes de innovación docente no eido das linguas estranxeiras | B3<br>C7<br>C14<br>D1<br>D2 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| - Introdución | . Innovación docente<br>. Competenza dixital (docente)<br>. Marcos de referencia (DigComp21; DigCompEdu; DigCompOrg) |
| - Innovación docente, metodoloxías innovadoras e TIC | . Contextos de innovación<br>. Obxectivos da innovación<br>. Metodoloxías innovadoras<br>. Creación de materiais e recursos abertos<br>... Propiedade intelectual, dereitos de autor, licenzas<br>... Programas, aplicacións, ferramentas, LMS<br>. Intelixencia Artificial e ensinanza-aprendizaxe do idioma estranxeiro<br>... Ferramentas<br>... Aplicación na aula de idioma estranxeiro |
| - Posta en práctica | . Información e alfabetización informacional<br>. Comunicación e colaboración<br>. Creación de contidos dixitais accesibles<br>. Seguridade e licenzas de uso |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 2 | 4 |
| Lección maxistral | 9 | 35 | 44 |
| Seminario | 14 | 24 | 38 |
| Obradoiro | 13 | 17 | 30 |
| Presentación | 4 | 30 | 34 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Presentación da materia por parte do profesorado. |
| Lección maxistral | Exposición dos contidos máis teóricos da materia por parte do profesorado. |
| Seminario | Actividade enfocada ao traballo do alumnado en temas específicos da materia: busca, lectura, traballo de documentación e preparación da propia intervención. |
| Obradoiro | Actividade enfocada á adquisición de coñecementos procedimentais e habilidades instrumentais sobre temas específicos da materia: elaboración propia, por parte do alumnado, de maneira individual ou en grupo, de materiais docentes enfocados cara a innovación. |
| Presentación | Presentación dun proxecto de innovación docente por parte do alumnado no que se dea solución a un reto anteriormente plantexado. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|

| | |
|---|---|
| Seminario | (a) Atención na aula e/ou a través do Campus Remoto (b) Titorías individualizadas presenciais e/ou no Campus Remoto. Atención por parte do profesorado na Facultade de Filoloxía e Tradución e/ou en Campus Remoto: - Ana Elina Martínez Insua: despacho B32 - Javier Pérez Guerra: despacho B43 |
| Obradoiro | (a) Atención na aula e/ou a través do Campus Remoto (b) Titorías individualizadas presenciais e/ou no Campus Remoto. Atención por parte do profesorado na Facultade de Filoloxía e Tradución e/ou en Campus Remoto: - Ana Elina Martínez Insua: despacho B32 - Javier Pérez Guerra: despacho B43 |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Lección maxistral | Asistencia e participación nas sesións lectivas ordinarias. | 5 | B3<br>B8 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C13<br>C14 | D1<br>D2<br>D3 |
| Seminario | Elaboración e entrega en prazo das actividades requiridas ao longo das sesións lectivas | 30 | B3<br>B8 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C13<br>C14 | D1<br>D2<br>D3 |
| Obradoiro | Elaboración e entrega en prazo dos traballos propostos nas sesións lectivas | 30 | B3<br>B8 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C13<br>C14 | D1<br>D2<br>D3 |
| Presentación | Elaboración e presentación final dun proxecto de innovación docente nos termos plantexados ao comezo da materia. | 35 | B3<br>B8 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C13<br>C14 | D1<br>D2<br>D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

**Consideracións xerais**

Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade, así como o non respeto das licenzas de uso, suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón o plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

**1ª Oportunidade**

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles implica a imposibilidade de participar no outro.

**a) Avaliación continua**

Para poder acollerse a este sistema é imprescindible que o alumnado realice e entregue en prazo as diferentes actividades e traballos que se vaian propoñendo en seminarios e obradoiros. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado computarán como 0. Igualmente, o alumnado que opte por este sistema de avaliación deberá cumprir co mínimo de asistencia obligatoria acordada polo máster.

**b) Avaliación única**

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas na proba única presencial (oral e/ou escrita) que terá lugar na data establecida pola coordinación do mestrado. Téñase en contra que a proba de avaliación única poderá constar de parte escrita e/ou oral e versará sobre os aspectos teóricos e prácticos da materia. O seu carácter será marcadamente práctico, tal e como o son as probas para o alumnado que se acolle á avaliación continua.

Para a realización da proba única cómpre que o alumnado acuda á aula designada con ordenador portátil ou dispositivo que lle permita a realización das tarefas propostas. O alumnado que se acolla a este sistema de avaliación será resposable da

configuración do seu equipo informático que permita a conexión á rede wifi da Universidade de Vigo.

**2ª Oportunidade**

A proba única, que terá lugar na data que a coordinación do mestrado fixe oficialmente para o mes de xuño/xullo, versará sobre os aspectos teóricos e prácticos da materia. Ao igual que no caso da proba de avaliación única da primeira oportunidade, a proba de avaliación única da 2ª oportunidade poderá constar de parte escrita e/ou oral e versará sobre os aspectos teóricos e prácticos da materia. O seu carácter será marcadamente práctico, na liña das probas requiridas ao alumnado que se acolleu á avaliación continua.

Para a realización da proba única da 2ª oportunidade cómpre que o alumnado acuda á aula designada con ordenador portátil ou dispositivo que lle permita a realización das tarefas propostas. O alumnado que se acolla a este sistema de avaliación será resposable da configuración do seu equipo informático que permita a conexión á rede wifi da Universidade de Vigo.

---

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía Básica**

**Bibliografía Complementaria**


Salinas, Jesús, **Innovación docente y uso de las TIC en la enseñanza universitaria**, 1, Revista Universidad y Sociedad del Conocimiento, 2004

Raposo, M., Jacinto, J.J., Martínez, M.E., Florencio, A.P., **As TIC no ensino. Políticas, usos e realidade**, Editorial Andavira, 2013

Raposo Rivas, M., Martínez, M.E., **As TIC e as súas aplicacións na aula: Misión posible**, Editorial Toxosoutos, 2013

Trejo Sirvent, M.L., LLaven Coutiño, G., Culebro Mandujano, M.E., **Retos y desafíos de las TIC y la innovación educativa**, Atenas. Revista científico pedagógica, 2014

Kim, B., **Designing gamification in the right way**, Library Technology Reports, 5(2), 2015

Fernández-Menor, I., **El enganche y sentido de pertenencia escolar en Educación Secundaria: conceptos, procesos y líneas de actuación**, Revista de investigación en educación 21(2), 2023

González-González, M.T. & Cutanda-López, M.T., **Programas de reenganche educativo y condiciones organizativas para su implementación: la importancia de la coordinación curricular**, Educatio Siglo XXI, 38(2), 2020


## Recomendacións

**Outros comentarios**

Se non se dispón de aula de informática dotada de ordenadores para cada alumna/o, será necesario acudir ás sesións presenciais con ordenador portátil ou dispositivo que permita o acceso a internet e o emprego de ferramentas de creación de contidos e recursos educativos. Nese caso, o alumnado deberá ter acceso á rede wifi da Universidade de Vigo e será esencial que consulte os materiais e novidades a través da plataforma MooVi.
Recoméndase o emprego habitual dos servizos proporcionados polas bibliotecas da Universidade de Vigo (referencia, consultas, empréstito, etc.).
A persoa docente poderá facer unha proba de avaliación alternativa a maiores das contempladas nesta guía en caso de que sospeite de que algún traballo (oral ou escrito) ou exame (oral ou escrito) se teña feito total ou parcialmente usando ferramentas de Intelixencia Artificial (IA) sen telo declarado. Neste sentido, dada a imposibilidade de probar a utilización da IA, a mera sospeita por parte da persoa docente será condición suficiente como para que a proba suxeita a xuízo se anule e se substitúa pola proba alternativa, que se realizará en data e hora establecida pola persoa docente.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Prácticas Externas** | | | | |
| Materia | Prácticas Externas | | | |
| Código | V02M066V09301 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Ecoloxía e bioloxía animal | | | |
| Coordinador/a | Garrido González, Josefa | | | |
| Profesorado | Garrido González, Josefa | | | |
| Correo-e | jgarrido@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://mpe.uvigo.es/gl/ | | | |
| Descrición xeral | As prácticas externas están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realizaranse nunha contorna laboral e profesional real relacionado con algún dos ámbitos da Educación. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B5 | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo. |
| B6 | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. |
| B10 | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado. |
| B12 | Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación |
| B16 | Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación. |
| C28 | Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización. |
| C29 | Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente. |
| C30 | Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |
| C31 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios |

| Resultados previstos na materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| | |
|---|---|
| Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro onde se realizan as prácticas escolares | B3<br>B5<br>B6<br>B10<br>B12<br>B16<br>C28<br>C29<br>C30<br>C31<br>D1<br>D2<br>D3 |
| Asumir que a competencia profesional do docente ten que evolucionar e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida | B12<br>B16<br>C31<br>D3 |

| **Contidos** |
|---|
| Tema |
| Deseño de materias da especialidade |
| Elaboración de materiais e actividades |
| Aplicación de técnicas e estratexias de aprendizaxe en distintas etapas e cursos. |
| Analise da práctica educativa |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | 150 | 0 | 150 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas(Repetida non usar) | 0 | 150 | 150 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | Realización de prácticas coma docente nun centro de ensinanza secundaria.<br>A titorización será levada a cabo por un docente do centro e un docente da universidade. |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | O alumnado terá dous titores ou titoras que o apoiarán nesta materia. Un titor/a no centro de prácticas e un titor/a na universidade que será o seu titor/a de PAT |

| **Avaliación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Prácticum, Practicas externas e clínicas | Realización de prácticas coma docente nun centro de ensinanza secundaria (150 horas).<br>RESULTADOS DE APRENDIZAXE<br>-O alumnado será quen de planificar e avaliar as materias correspondentes á especialización.<br>-O alumnado será quen de dominar destrezas e habilidades sociais, así como demostrar un bo dominio da expresión oral e escrita, necesarios para fomentar un bo clima de aprendizaxe.<br>-O alumnado será quen refelxionar sobre a súa práctica docente así como propoñer accións de mellora | 50 | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas(Repetida non usar) | Elaboración dunha memoria de prácticas na que se explique o paso polo centro de prácticas.<br><br>RESULTADOS DE APRENDIZAXE<br>-O alumnado será quen de planificar e avaliar as materias correspondentes á especialización.<br>-O alumnado será quen de dominar destrezas e habilidades sociais, así como demostrar un bo dominio da expresión oral e escrita, necesarios para fomentar un bo clima de aprendizaxe.<br>-O alumnado será quen refelxionar sobre a súa práctica docente así como propoñer accións de mellora | 50 | B3<br>B5<br>B6<br>B10<br>B12<br>B16 | C28<br>C30<br>C31 | D1<br>D2<br>D3 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria


Feliz, T. y Ricoy, M.C., **La formación inicial de los profesores de secundaria.**, Sanz y Torres., 2008

González, M. T., Escudero, J. M., Nieto, J. M. y Portela, A., **Innovaciones en el gobierno y la gestión de los centros escolares.**, Síntesis, 2011

Marco, B., **Competencias Básicas: Hacia un nuevo paradigma educativo**, Narcea, 2008

Perrenoud, Ph, **Desarrollar la práctica reflexiva en el oficio de enseñar**, Grao, 2007

Perrenoud, Ph, **Diez nuevas competencias para enseñar**, Graó, 2004

Sierra, B. y Pérez Ferra, M, **La comprensión de la relación de la teoría-práctica: una clave epistemológica de la didáctica. Revista de Educación**, 2007

Latorre, A., **La investigación-acción. Conocery cambiar la práctica educativa**, Grao, 2007


## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Máster/V02M066V06401

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Servizos/V02M066V06226
Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/V02M066V06102
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/V02M066V06103
Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional/V02M066V06227
A Formación Profesional/V02M066V06225
Orientación e Función Titorial/V02M066V06101
Sistema Educativo e Educación en Valores/V02M066V06104

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Traballo Fin de Máster** | | | | |
| Materia | Traballo Fin de Máster | | | |
| Código | V02M066V09401 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación<br>Ecoloxía e bioloxía animal<br>Economía aplicada<br>Historia, arte e xeografía<br>Matemáticas | | | |
| Coordinador/a | Garrido González, Josefa | | | |
| Profesorado | Garrido González, Josefa | | | |
| Correo-e | jgarrido@uvigo.es | | | |
| Web | http://mpe.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Materia orientada á realización dun traballo de investigación, experimentación ou desenvolvemento orixinal nalgunha das liñas do módulo específico do máster, e estará relacionado con algúns dos múltiples ámbitos do mundo profesional propios do ámbito do ensino secundario. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|
| Código |

| Resultados previstos na materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| Contidos |
|---|
| Tema |
| Elaboración de un traballo de investigación no ámbito da educación secundaria |

| Planificación | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Presentación | 1 | 0 | 1 |
| Traballo tutelado | 10 | 139 | 149 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|---|
| | Descrición |

| | |
|---|---|
| Presentación | Se realizará por cada alumno o alumna delante de un tribunal unipersonal donde ejercerá la presidencia la persona tutora.<br>Su exposición será apoyada con los medios informáticos, audiovisuales, multimedia, etc. oportunos, con una duración entre 8 y 10 minutos y posteriormente el tribunal formulará al alumno las<br>cuestiones que considere oportunas durante 5 minutos. |
| Traballo tutelado | Realización dun traballo de investigación, experimentación ou<br>desenrolo orixinal nalgunha das liñas desenvolvidas no módulo específico do Mestrado, relacionado con algúns dos múltiples ámbitos do mundo profesional propios do ámbito do ensino secundario.<br>Encamiñarase ao desenvolvemento dunha actividade que contribúa a acadar un conxunto de competencias de carácter académico, profesionalizante e investigador que enriqueza globalmente a súa formación inicial. Será guiado por unha persoa docente da universidade. Este traballo estará encadrado na etapa da educación secundaria obrigatoria ou postobrigatoria.<br>O traballo de fin de mestrado poderá estar ligado ás actividades de aula, unidades didácticas ou proxectos realizados polo alumnado na fase de prácticas, incluíndo sempre os aspectos de investigación educativa pertinentes a xuízo da persoa titora da universidade. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballo tutelado | Traballo de investigación no ámbito da educación secundaria tutelado por un docente da titulación. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Presentación | Será realizada por cada alumno ou alumna diante dun tribunal.<br>A súa exposición será apoiada cos medios informáticos, audiovisuais, multimedia/et.<br>oportunos, cunha duración entre 8 e 10 minutos e posteriormente o tribunal formulará ao alumno as<br>cuestións que considere oportunas.<br><br>RESULTADOS DE APRENDIZAXE:<br>-O alumnado será quen de planificar e avaliar as materias correspondentes á especialización.<br>-O alumnado será quen de dominar destrezas e habilidades sociais, así como demostrar un bo dominio da expresión oral e escrita, necesarios para fomentar un bo clima de aprendizaxe.<br>-O alumnado será quen refelxionar sobre a súa práctica docente así como propoñer accións de mellora | 30 | |
| Traballo tutelado | Realización dun traballo de investigación, experimentación ou<br>desenrolo orixinal nalgunha das liñas desenvolvidas no módulo específico do Mestrado, relacionado<br>con algúns dos múltiples ámbitos do mundo profesional propios do ámbito do ensino secundario.<br>Encamiñarase ao desenvolvemento dunha actividade que contribúa a acadar un conxunto de competencias de carácter académico, profesionalizante e investigador que enriqueza globalmente a súa formación inicial. Será guiado por unha persoa docente da universidade. Este traballo estará<br>encadrado na etapa da educación secundaria obrigatoria ou postobrigatoria.<br>O traballo de fin de mestrado poderá estar ligado ás actividades de aula, unidades didácticas ou proxectos realizados polo alumnado na fase de prácticas, incluíndo sempre os aspectos de investigación educativa pertinentes a xuízo da persoa titora da universidade.<br><br>RESULTADOS DE APRENDIZAXE:<br>-O alumnado será quen de planificar e avaliar as materias correspondentes á especialización.<br>-O alumnado será quen de dominar destrezas e habilidades sociais, así como demostrar un bo dominio da expresión oral e escrita, necesarios para fomentar un bo clima de aprendizaxe.<br>-O alumnado será quen refelxionar sobre a súa práctica docente así como propoñer accións de mellora | 70 | |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Comisión para xulgar o Traballo Fin de Mestrado : elaboración, presentación e defensa do TFM: 100% da nota

- Calidade do documento escrito
- Pertinencia do contido exposto.
- Calidade da presentación oral.
- Capacidade para a súa defensa.
- Grao de resolución manifestado.
- Adecuacións do recursos e medios empregados na presentación, incluído o uso das TIC.

---

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía Básica**

**Bibliografía Complementaria**

APA, **Manual de Publicaciones de la American Psychological Association**, 3ª, Manual Moderno., 2010

Feliz, T., Ricoy, M. C. et al., **The software for the content analysis: wrong, technical and artistic uses. Beyond Text: Video and other Medium Use in Qualitative Research (pp. 103-120)**, 2012

Hernández, R., Fernández, C. & Baptista, P., **Metodología de la investigación**, McGraw-Hill., 2006

Flick, U., **Introducción a la investigación cualitativa**, Morata., 2004

Mcmillanm, J. y Shumacher, S., **Investigación educativa una introducción conceptual.**, Pearson., 2005

Ricoy, M.C., **Consideraciones sobre la construcción de los instrumentos de recogida de información en la investigación educativa.**, Guadalbullón, 2009

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/P02M066V06102
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular/P02M066V06106
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/P02M066V06103
Prácticas Externas/P02M066V06301
Sistema Educativo e Educación en Valores/P02M066V06104

### Outros comentarios

É necesario superar tódalas materias da titulación para poder presentarse ao TFM.